

MILES DE PERSOAS MOBILIZÁRONSE EN GALICIA NESTE PRIMEIRO DE MAIO PARA DEMANDAR MELLORES SALARIOS, O REFORZO DOS SERVIZOS PÚBLICOS, MÁIS SEGURIDADE LABORAL, VIVENDA DIGNA E PAZ

Redacción.- Miles de persoas participaron en Galicia nos actos e mobilizacións convocados para celebrar este Primeiro de Maio baixo o lema “Dereitos, non trincheiras. Salarios, vivenda e democracia”. Celebráronse manifestacións na Coruña, onde foi o acto central no que participou o secretario xeral de UGT-Galicia, Cristóbal Medeiros; Ferrol; Santiago; Lugo; Ourense; Pontevedra; Vilagarcía; e Vigo.

Este Primeiro de Maio contextualízase nun momento complexo, marcado pola inestabilidade e os conflitos bélicos, polo que a cidadanía, ademais de reclamar a mellora das condicións laborais e sociais, demandou paz e respecto ao dereito internacional. A cidadanía galega tamén esixiu nas rúas unha Unión Europea valente e propositiva que se comprometa na defensa dos dereitos humanos.

Este ano, o Primeiro de Maio tamén se celebrou nun momento decisivo no que están en xogo, non só as condicións de vida da clase traballadora, senón a propia calidade das democracias. Fronte aos que buscan o enfrontamento e levantar trincheiras, o movemento sindical responde con máis dereitos, máis cohesión social e máis democracia.

Están en xogo as nosas sociedades tal e como as entendemos, as nosas propias democracias. Polo que a cidadanía galega saíu ás rúas demandando a necesidade de frear o avance da ultradereita que non é unha opción política máis, trátase dun proxecto que cuestiona dereitos fundamentais, alimenta o odio e debilita a democracia. Fronte a quen promove o odio, o sindicalismo defende a igualdade, a convivencia e os dereitos humanos.

Nas mobilizacións tamén se demandou que hai que habilitar todas as medidas necesarias para que as familias poidan chegar a fin de mes. Pedíronse mellores salarios, acceso a unha vivenda digna, máis democracia e máis e mellor estado de benestar.



Neste Primeiro de Maio, ademais, apostouse pola redución do tempo de traballo porque hai que repartir mellor o progreso nun momento no que a produtividade está a marcar os seus máximos. Pero a redución debe ir acompañada dun control horario dixital para evitar as horas extraordinarias non recoñecidas.

Trátase de traballar para vivir e iso tamén pasa por salarios dignos e suficientes que acaben coa pobreza laboral. Neste senso, hai que apostar por continuar na senda das subas do SMI porque aínda 16 de cada cen persoas traballadoras están en risco de pobreza ou exclusión social. Tampouco se pode esquecer que Galicia aínda segue estando, salarialmente, por debaixo da media estatal en moitos sectores, as persoas traballadoras teñen que chegar tranquilas a fin de mes. Os traballadores e traballadoras cada vez teñen menos participación no reparto da renda e isto é un problema. A solución pasa por subir salarios e reforzar a negociación colectiva.

Neste contexto, UGT-Galicia vai seguir apostando polo diálogo social porque funciona, grazas a este subiu o SMI, reduciuse a temporalidade e melloraron as condicións laborais. E, neste senso, aposta porque este cauce de traballo tamén se utilice para abordar outro dos problemas que está enriba da mesa, o mal chamado absentismo laboral. Non pode mesturarse absentismo con enfermidade ou permisos. Os dereitos non son absentismo.

Dende UGT non se vai aceptar a criminalización dos traballadores e traballadoras galegas. Hai que sentarse a falar pero con análises serias e na busca de solucións, non partindo da criminalización e da análise de parte. Trátase dun problema moi complexo que non se pode simplificar con simples titulares.

Relacionado con isto, este Primeiro de Maio tamén se converteu nunha plataforma de demanda para un cambio das políticas de prevención de riscos laborais e coidado da saúde porque as vixentes xa non dan resposta ao mercado laboral actual. Tan só nos dous primeiros meses do ano faleceron en Galicia 7 persoas vítimas dun sinistro laboral, 61 resultaron feridas graves e esta comunidade segue á cabeza dos índices de incidencia da sinistralidade mortal. Neste senso, urxe que se aceleren os trámites parlamentarios para ratificar a modificación da Lei de Prevención de Riscos Laborais recentemente aprobada no Consello de Minis-



tros. Porque a lexislación xa non atalla as circunstancias produtivas, sociais, medioambientais e laborais actuais.

Por outra banda, este Primeiro de Maio serviu para situar no centro do debate a emerxencia climática e Galicia tivo un claro exemplo deste problema cos lumes deste verán. Nesta liña, urxe unha transición enerxética xusta que protexa ás persoas e o territorio.

A cidadanía tamén berrou pola mellora e necesidade de reforzar os servizos públicos, educación, sanidade ou dependencia, e por atallar o que xa se converteu nun problema de país e que afecta a milleiros de traballadores e traballadoras, as dificultades para acceder a unha vivenda digna. Neste senso, urxe un pacto político e social e unha intervención pública decidida porque sen vivenda non hai proxecto de vida. E sen proxecto de vida non hai cohesión e democracia.

ADEMAIS DAS MANIFESTACIÓNS, UGT CELEBROU ESTE PRIMEIRO DE MAIO CON VARIOS ACTOS E OFRENDAS FLORAIS



Ofrenda floral no Cemiterio civil da Coruña



Ofrenda floral en Ferrol Monolito Pablo Iglesias



Ofrenda floral Santiago Parque Pablo Iglesias



Ofrenda floral en Vigo a Heraclio Botana no Cemiterio de Pereiró



Ofrenda floral en Ourense no busto de Pablo Iglesias



Como todos os anos, A Coruña celebrou o día 30 a entrega dos Premios Primeiro de Maio que nesta edición recaeron en Nieves Castelo, Juan Carlos Tages, Santiago López e Fina Martínez.

En Pontevedra, tamén previo ao Primeiro de Maio, celebrouse un xantar de confraternidade onde se lle rendiu homenaxe a Manuel Souto, actual secretario xeral comarcal da UXP que ó longo da súa labor no sindicato foi coordinador do sector do Mar, ademais de ocupar outros cargos en organismos internacionais



UGT-GALICIA CHAMA A REALIZAR POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO QUE SOLUCIONEN O PROBLEMA DO PARO DE LONGA DURACIÓN

O sindicato valora os datos positivos en creación de emprego de calidade, pero advirte sobre a situación no mercado laboral das persoas que non son capaces de atopar emprego

Redacción.- Os datos de paro rexistrado e afiliación á Seguridade Social correspondentes a abril, publicados esta semana, mostran un incremento do emprego e unha redución do desemprego, como adoita suceder sempre neste mes, un dos mellores do ano para o mercado laboral.

A positiva evolución da economía segue impulsando a creación de emprego, que continúa sendo unha prioridade, a pesar de que a taxa de paro, a nivel do Estado, segue sendo a máis elevada da UE. Así mesmo, o mercado de traballo gañou estabilidade e calidade tras a reforma laboral, o que reflicte un cambio estrutural no modelo de emprego.

Con todo, a pesar destes avances, persisten desafíos relevantes no mercado de traballo, especialmente no relativo ás condicións de vida e benestar das persoas traballadoras.

A análise do paro rexistrado non pode obviar a persistencia dun núcleo duro de desemprego, en particular o paro de longa duración, que segue representando o 48,4% (34,6% no Estado) do total e evidencia as dificultades estruturais de inserción dunha parte relevante da poboación traballadora. Afrontar esta realidade esixe reforzar de xeito decidido a eficacia as políticas activas de emprego, avanzando cara itinerarios personalizados de inserción, unha dotación suficiente e estable de medios técnicos e humanos nos servizos públicos de emprego, unha carteira común de servizos en todo o territorio e sistemas de avaliación rigorosos orientados a resultados efectivos.

Ao mesmo tempo, e en coherencia coa proposta sindical unitaria impulsada por UGT, resulta imprescindible abordar de forma integral os desequilibrios do mercado de traballo, actuando sobre o réxime de despedimento —reforzando a causalidade, as garantías e o carácter disuasorio da indemnización— e sobre o contrato a tempo parcial, limitando o seu uso a supostos xustificadas, garantindo a previsibilidade da xornada e reforzando o dereito á xornada completa como estándar. Trátase de medidas interconectadas que buscan corrir a precariedade estrutural, reforzar a estabilidade no emprego e mellorar a calidade do traballo.

En definitiva, a evolución positiva do emprego confirma a capacidade da economía para seguir xerando oportunidades, pero tamén sinala que é o momento de



afrontar con decisión estes retos. Só mediante o impulso de reformas como as expostas na proposta sindical, o reforzo das políticas activas de emprego e a mellora dos salarios será posible consolidar un mercado de traballo máis equilibrado, produtivo e socialmente xusto.

Radiografía desemprego en Galicia

Concretando os datos que se fan públicos hoxe, en Galicia o desemprego baixou en 2.377 persoas con respecto ao mes anterior (2,07%) e no Estado esta cifra tamén baixou, un 2,59%. O mesmo sucedeu no ano, o desemprego diminuíu, en 3.252 persoas, un 2,81% menos, aínda que dun xeito moito menos incisivo que no resto do Estado, onde a baixada foi do 6,20%. Así, o número total de desempregados sitúase nesta Comunidade en 112.293 persoas.

Por idades, entre os menores de 25 anos, o desemprego seguiu a mesma tendencia que no resto de idades en canto ao mes pero non no ano, xa que, neste caso, o paro subiu. Así, en relación ao mes anterior, o desemprego baixou entre os menores de 25 anos nun 9,67% e no ano este aumentou nun 6,20%. De novo, Galicia rexistra un peor comportamento que o conxunto do Estado onde o desemprego tamén baixou no ano nun 2,67%.

Por sexos, no mes o desemprego baixa en ambos, un 2,70% entre os homes e no caso das mulleres nun 1,62%. No ano baixou o desemprego en ambos casos, o 3,01% entre os homes e o 2,67% entre as mulleres. Dende UGT-Galicia alértase de que, en termos estruturais, as mulleres seguen a representar o 58,38% do total do desemprego en Galicia. O paro afecta a un total de 65.554 mulleres, fronte a 46.739 homes.

En canto aos sectores, o desemprego

no mes diminúe en todos. Así, baixa na agricultura e gandería, nun 1,87%; no 1,53% na industria; no 2,25% no sector da construción; o 2,12% no sector servizos; e o 2,17% entre o colectivo de sen emprego anterior. No ano tamén baixa en todos. Así, diminúe un 5,43% no primario; o 4,73% na industria; o 9,30 na construción; o 1,921% nos servizos; e o 2,47% entre as persoas que non teñen un emprego anterior.

Territorialmente, o desemprego tamén baixa no mes en todas as provincias, nun 2% na Coruña, 2,38% en Lugo, 1,89% en Ourense e un 2,13% en Pontevedra. No ano a baixada foi do 2,51% na Coruña, 0,01% en Lugo, 1,21% en Ourense e o 4,35% en Pontevedra.

O dato de contratación indefinida segue a ser moi bo, do 32,90%. Realizáronse en abril un total de 57.854 contratos en Galicia, un 0,84% máis que no mes anterior e un 12,64% máis que no mesmo mes do ano anterior. No mes de abril de 2021, a porcentaxe de contratación indefinida non superaba o 11,37%.

Por sectores, destacan as porcentaxes de contratación indefinida na construción, do 71,8%, e no sector primario, do 60,4%. Tamén foron elevadas, aínda que non tanto, nos servizos, do 30,9%, e na industria, do 25,9%.

A afiliación á Seguridade Social sitúase en 1.103.820 de media mensual, subindo o 0,72% no mes e aumentando un 1,51% no ano. Rexistrándose así un máximo nun mes de abril de afiliación á Seguridade Social.

Por outra banda, a temporalidade da afiliación da Seguridade Social sitúase no 13,45% en Galicia, fronte ao dato estatal, do 11,6%. En abril de 2021 esta porcentaxe era do 27,24%, o que ratifica os bos resultados da reforma laboral.

O CONSELLO SINDICAL INTERREXIONAL GALICIA-NORTE DE PORTUGAL CELEBRA A SÚA ASEMBLEA EN VIGO E RENOVA OS ÓRGANOS DE DIRECCIÓN

Redacción.- Este xoves tivo lugar en Vigo a asemblea do Consello Sindical Interrexional Galicia-Norte de Portugal na que se presentou a memoria 24-25 e procedeuse á renovación da presidencia e órganos de dirección.

A partir deste novo mandato, os membros en representación de UGT-Galicia na Asemblea xeral serán Cristóbal Medeiros, Ana María Peireiro, Trinidad Campos, Ernesto Fontanes e Noemí Álvarez.

Concretamente, na Comisión Executiva estarán Cristóbal Medeiros e Trinidad Campos.



A FUNDACIÓN LUIS TILVE PRESENTOU EN SANTIAGO A OBRA “ROTSPIANIER. UN MILICIANO GALEGO NO EXILIO FRANCÉS”

Redacción.- O pasado 24 de abril a Fundación Luís Tilve presentou na librería Couceiro de Santiago a obra “Rotspanier. Un miliciano galego no exilio francés. 1939-1945”, na que o escritor, docente e membro da Asociación Memoria Histórica Democrática de Ferrol, Juan Galán, recolle a peripecia vital de Joaquín Fernández Millán, un mariñeiro da Pobra do Caramiñal, militante de UGT, que tras emigrar ó País Vasco, na década de 1920, loitou como miliciano republicano no Exército de Euskadi, e que, como tantos outros españois, a inicios de febreiro de 1939 se viu na obriga de cruzar os Pirineos para exiliarse en Francia.

No país veciño serían internados en campos de concentración durante a Segunda Guerra Mundial, separados das súas familias, forzados a traballar en compañías na zona controlada polo Goberno de Vichy e, posteriormente, algúns, como Joaquín, para a Organización Todt, na zona ocupada polos nazis, na construción do Muro Atlántico.

Outros correrían peor sorte e acabarían no campo de concentración de Mauthausen, do que moitos non saírían. A obra, como indicou na presentación o director da Fundación, Guillermo Pérez, é unha combinación entre biografía e ensaio, na que os baleiros da historia de Joaquín se completan con moita infor-



mación sobre os pasaxes máis duras e menos coñecidas deste exilio republicano.

A continuación, Galán falou das vivencias de Joaquín e de miles de homes, mulleres e nenos, os chamados “Rotspanier” (“rojo español”), que escaparon dunha ditadura nacente para acabar en mans doutros fascistas, demostrándose que por aquel entón España non era unha excepción, senón que foi a antesala do pesadelo que chegaría despois.

Uns feitos dos que, como recal-

cou Galán, deberíamos aprender, evitando esta onda de autoritarismo que percorre o mundo.

O acto tamén contou coa participación do actor Roberto Leal, fillo de Juan Leal Tenreiro, refuxiado en Francia en 1939, tras fuxir con outros republicanos no bou Ramón, dende Ares, que achegou unha visión máis próxima do que supuxo aquela experiencia para as familias e o desarraigo que lles supuxo, xa que el naceu xa no exilio, en Bos Aires. As cinzas dos seus pais retornarían anos despois nunha viaxe de volta.

SEGUIMIENTO MASIVO NA PRIMEIRA XORNADA DE FOLGA NO METAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Redacción.- O metal da provincia de Pontevedra parou masivamente este xoves na primeira xornada de folga convocada por UGT, xunto con CCOO e CIG, para denunciar o inmovilismo da patronal á hora de negociar o convenio colectivo.

Un convenio que afecta a máis de 3.500 empresas na provincia e a uns 33.000 traballadores.

Inicialmente, os tres sindicatos convocaron tres xornadas de folga, os días 7, 13 e 14 de maio coa posibilidade aberta de ir máis aló, con outras tres xornadas, os días 19, 20 e 21, coincidindo coa celebración de Navalia en Vigo.

Como explicou Cristian González (UGT), non se trata só dunha negociación salarial, como pretende a patronal, reducir esta a un díxito.

Trátase de moito máis, de condicións laborais dignas para o sector que garantan a estabilidade laboral dos seus traballadores, a conciliación da súa vida laboral e



persoal e a protección da súa seguridade e saúde.

Por isto, entre outras demandas, destaca a petición da xornada continua nos meses de verán, precisamente, para garantir a conciliación e para evitar o estrés térmico.

A estabilidade debería pasar por evitar o abuso da subcontratación e que esta non chegue máis aló dun primeiro nivel de co-

tratación.

E outra das demandas é que este novo convenio non teña unha vixencia maior de tres anos, xa que as condicións do sector son moi variables e o lóxico é adaptalas condicións laborais en breves espazos de tempo. En definitiva, os traballadores o que demandan é un convenio que dignifique as condicións laborais do sector do metal na provincia.

UGT FICA GALICIA ANALIZA EN VIGO OS RETOS DA AUTOMOCIÓN E RECLAMA UNHA TRANSICIÓN INDUSTRIAL XUSTA PARA PROTEXER O EMPREGO

Redacción.- UGT FICA Galicia celebrou este mércores no Verbum de Vigo unha asemblea do sector automobilístico con delegados e delegadas, na que participou o responsable estatal do sector de automoción de UGT FICA, Jordi Carmona.

Durante a reunión trasladouse aos representantes sindicais a situación actual do sector da automoción a nivel galego, estatal, europeo e mundial, así como os desafíos de futuro derivados dos profundos cambios que atravesará a industria.

UGT FICA advertiu de que a transición cara o vehículo eléctrico, xunto coa robotización, a intelixencia artificial, os novos modelos de mobilidade e as políticas medioambientais e xeopolíticas, están a provocar unha transformación sen precedentes no sector, con importantes consecuencias para a industria e o emprego. Neste sentido, o sindicato defendeu a necesidade de impulsar unha transición "xusta e ordenada", que permita adaptar o sector sen destruír tecido industrial nin emprego, evitando ademais

unha brecha social e territorial.

Para afrontar este proceso, UGT FICA expuxo unha batería de propostas entre as que destacan:

- A implantación do contrato relevo en todo o sector.
- A redución da xornada laboral cara ás 32 horas semanais.
- O fortalecemento do diálogo social.
- Axudas públicas para a compra de vehículos e o desenvolvemento de infraestruturas de recarga.
- Plans industriais adaptados á realidade demográfica e territorial.
- O impulso da formación dual e a



recualificación profesional.

- A regulación ética e laboral da intelixencia artificial e a robotización.
- Medidas específicas para protexer o emprego e mellorar a regulación dos ERTE.

UGT FICA Galicia reafirmou finalmente o seu compromiso coa defensa da industria e dos traballadores e traballadoras do sector da automoción, reclamando políticas industriais que garantan emprego de calidade e un futuro sostible para o sector.

AS UNIÓN DE XUBILADOS DE UGT E CCOO RECLAMAN UNHA ATENCIÓN Á DEPENDENCIA DE CALIDADE

Redacción.- As unións de xubilados de pensionistas de UGT e CCOO mobilizáronse este martes fronte á sede da Xunta en Santiago para reclamar unha atención á dependencia de calidade.

Este acto enárcase nunha campaña de mobilizacións ante a «crise da dependencia», que o secretario xeral da UXP de UGT-Galicia atribúe ao escaso investimento da Xunta na materia —a máis baixa do Estado— e ao seu modelo «privatizador». Nesta concentración reclamaron unha reunión coa conselleira de Política Social.

Trátase dunha campaña conxunta, con CCOO, de ámbito estatal, pero en Galicia, co 26,6% de persoas maiores de 65 anos, o sistema de atención á dependencia é máis necesario ca noutros territorios. E, porén, a situación dos servizos é peor, con datos como as 3,43 camas por cada 100 maiores de 65, cando a ratio recomendada pola OMS é de cinco camas. Neste senso, UGT cifra en 11 000 prazas de residencia o déficit que sofre a comunidade.

Incidiron no descoñecemento que parte das persoas beneficiarias teñen do sistema de atención, mentres que para moitas das que si o coñecen ou non chega ou o fai tarde, xerando unha sobrecarga das familias. Sinalaron que no ano 2025 morreron 88 persoas mentres agardaban por unha prestación e que a espera media para acceder ao seu dereito foi de 324 días. Neste aspecto, Valentín Tato agregou que os datos melloraron nos últimos anos, pero que o investimento



segue a ser moi insuficiente, con Galicia á cola do Estado, con 1317 euros por dependente fronte aos 2779 de Extremadura ou os 2835 da comunidade que máis inviste, o País Vasco. «É unha diferenza enorme», aseverou o secretario xeral da Unión de Xubilados e Pensionistas de UGT-Galicia, que incidiu en que a calidade do servizo «é mala».

Tamén se criticou o plan da Xunta para simplificar o acceso á dependencia e a discapacidade, en vigor desde o ano pasado, por ser un «modelo burocrático de mero rexistro, que incrementa as demoras» e que, ademais, non ten en conta a participación das traballadoras e traballadores sociais. O groso das prestacións en Galicia acaban sendo de baixa intensidade, «de baixo custo» para a Administración, como teleasistencia (46 287), axuda no fogar (22 219) ou bonos para pagar residencias privadas (8371) ou coidados familiares (36 638). Porén, as

prestacións de intensidade alta, como as residencias, son as que teñen un menor número de persoas beneficiarias, 7245. Neste senso, recalcaron que as persoas teñen dereito a acceder á atención que desexen, pero que iso non se cumpre pola escaseza de prazas residenciais públicas. Non é posible, reprobaron, porque a Xunta non constrúe ningún centro público desde 2009.

Os Pensionistas de CCOO e de UGT reclamaron o apoio de toda a poboación á súa xeira de protestas e resumiron as súas reivindicacións en seis puntos: máis financiamento do Estado e da Xunta, máis persoal en todo o proceso dende a tramitación ata a atención final, que a atención se faga con servizos profesionais, que se reduza o copagamento, que se creen máis prazas en residencias públicas e a reversión do plan da Xunta de Galicia para simplificar o acceso á dependencia e discapacidade.

FOLGA NO COMERCIO DO METAL DE PONTEVEDRA POR UN CONVENIO DIGNO

Redacción.- Os traballadores e traballadoras do comercio do metal da provincia de Pontevedra pararon este xoves nunha xornada de folga e manifestáronse en Vigo pola tarde, conxuntamente aos da industria do metal.

Dende FeSMC-UGT-Pontevedra denúnciase que a patronal ATRA leva meses bloqueando a negociación do convenio provincial. A patronal pretende eliminar dereitos consolidados como a cobertura das baixas por enfermidade co 100%. Ademais disto, pretenden recortar outras

condicións laborais que o sector leva anos defendendo. Apúntase que, sen convenio provincial, o sector vai quedar desprotexido, con salarios máis baixos, xornadas máis longas e menos garantías.

Por isto, para evitar que ATRA continúe impondo a práctica do desgaste e o bloqueo, o comercio do metal decidiu mobilizarse e dicir basta xa.



O ENSINO CONCERTADO MOBILÍZASE FRONTE Á XUNTA EN DEMANDA DE MELLORAS LABORAIS

Redacción.- Máis de 400 delegados e delegadas dos colexios concertados de Galicia concentráronse este martes en Santiago en fronte da Consellería de Educación amosando o seu malestar coa actitude da Xunta cara as condicións laborais e salariais dos traballadores e traballadoras do sector.

O pasado 22 de abril as organizacións sindicais representativas do ensino concertado en Galicia acudiron á Consellería para expresar o noso malestar pola ausencia de avances negociadores trala celebración da última xuntanza da Comisión Tripartita do Ensino Concertado. Entón, fíxoselle entrega ao director xeral de Centros e Recursos Humanos, Jesús Álvarez Bértolo, dun escrito comunicando a decepción por non terse cumprido o seu compromiso de iniciar negociacións de novos acordos, o cal tamén se presentou por rexistro.

As organizacións sindicais, na súa solicitude de convocatoria desa xuntanza da Comisión, propuxeron, de xeito preferente pero non excluínte, iniciar as negociacións con tres puntos básicos:

1. Desbloqueo da Disposición Adicional 12ª dos Orzamentos, que impide a execución do Acordo do 24 de abril de 2008 sobre condicións laborais e calidade do ensino, publicado no DOG do 30 de maio de 2008, coa subida salarial actualizada. Proponse a firma dun novo Acordo de condicións laborais do ensino concertado onde se aborden tanto o abo-

amento dos complementos económicos actualizados como a redución da carga lectiva co conseguinte incremento de docentes.

2. A demanda ao Acordo de xubilación parcial incluíndo a posibilidade de acceso para o persoal que ten parte da súa xornada en pago privado. Este persoal, maioritariamente de bacharelato, ve os seus dereitos recortados por unha decisión puramente económica que non pon en valor o seu duro traballo cos rapaces e rapazas pre-universitarios.

3. Complemento salarial autonómico directo e finalista para o persoal de Administración e Servizos. O eixo vertebrador dos colexios é o PAS. Sen el os centros non funcionarían. Sen embargo, son o colectivo cos salarios máis baixos do sector. Por iso, é indispensable a creación dun complemento específico que saque a este colectivo da ruína salarial.

Tres reivindicacións concretas, asumibles e de xustiza; as cales nin foron incluídas na orde do día da reunión, pese a ser o obxecto solicitude. A día de hoxe,



non se ten recibido resposta algunha.

Como resultado, a primeira decisión tomada foi comezar cunha serie de mobilizacións, empezando pola concentración de delegados deste martes diante das portas da Consellería.

O sector está moi canso despois de tantos anos de escasísimos avances e continuas negativas. Se non hai un cambio na postura da Consellería continuarase con outras accións máis contundentes das que se informará puntualmente.

Solicítase, por parte da Consellería, un cambio de actitude e a apertura inmediata de novas negociacións que permitan chegar a novos acordos para o sector. Non se consentirá o inmovilismo e o desprezo ao persoal traballador da Concertada desta Consellería.

UGT LEVA AO PARLAMENTO EUROPEO A DEFENSA DO DEREITO Á VIVENDA E ESIXE REGULAR O IMPACTO DOS PISOS TURÍSTICOS

Redacción.- UGT, xunto ao grupo dos Socialistas e Demócratas (S&D), participou nun acto no Parlamento Europeo que situou o dereito á vivenda no centro do debate político continental e reclamou o seu recoñecemento como un dereito subxectivo efectivo.

O encontro foi impulsado pola vice-secretaría xeral de UGT, Lola Navarro; a secretaria de Políticas Europeas, Mari Carmen Barrera e o eurodeputado de S&D Marcos Ros. A iniciativa reuniu a representantes institucionais, sindicais e europeos para abordar a crise da vivenda como un dos principais factores de desigualdade na Unión Europea.

Durante a xornada, Lola Navarro

puxo en valor a reclamación presentada ante o Comité Europeo de Dereitos Sociais no marco da Carta Social Europea para garantir o acceso á vivenda como un dereito exixible e non condicionado polo mercado. Así mesmo, advertiu do impacto crecente das vivendas de uso turístico, que en España pasaron de preto de 330.000 en 2025 a unhas 370.000 en 2026, incrementando a presión sobre o mercado residencial.

Navarro tamén presentou o informe 'Tempo de traballo e salarios nas vivendas de uso turístico', no que reclama regular o turismo mediante medidas como o control de anuncios ilegais, a eliminación de vivendas sen licenza, unha maior fiscalidade e o reforzo da inspec-

ción. O sindicato tamén denunciou a precariedade laboral asociada a este modelo, que afecta principalmente a mulleres e xera economía mergullada.

Pola súa banda, a secretaria de Políticas Europeas de UGT, Mari Carmen Barrera, subliñou a necesidade de reforzar a dimensión social das políticas europeas de vivenda, poñendo o foco nas persoas traballadoras e na mocidade como colectivos especialmente afectados.

UGT concluíu que a regulación europea debe incorporar unha dimensión social que garanta o dereito á vivenda, promova o emprego digno e preserve as cidades como espazos habitables.

UGT URXE A ACTUALIZAR A LISTAXE DE ENFERMIDADES PROFESIONAIS

O sindicato demanda que se inclúan as enfermidades de saúde mental, ampliar o recoñecemento dos casos de cancro de orixe laboral e dotar de perspectiva de xénero á listaxe

Redacción.- Durante o 2025 producíronse un total de 33.950 enfermidades causadas polo traballo, dos que 30.510 corresponden a expedientes de enfermidades profesionais e 3.440 foron expedientes de patoloxías non traumáticas causadas ou agravadas polo traballo, segundo o Informe Anual de 2025 das enfermidades profesionais (CEPROSS) e de enfermidades causadas ou agravadas polo traballo (PANO-TRATSS).

En 2025 finalizaron 9.221 procesos de enfermidades profesionais, dos que o 52% corresponden a mulleres e tiveron unha duración de 152,44 días de baixa laboral, no caso dos homes a duración da baixa foi de algo máis de 140 días. É evidente que unhas condicións de traballo seguras e saudables son a solución aos problemas de saúde tanto física como mental e diminuírían as baixas laborais.

Ante os datos recollidos no informe, ponse de manifesto a escasa declaración dos casos de morte por enfermidade profesional, soamente rexistráronse 7, así como dos casos de cancros de orixe profesional, xa que unicamente se rexistraron 105 enfermidades profesionais causadas por axentes canceríxenos. Do total de cancros profesionais declarados, 60 foron causados pola exposición a fibras de amianto e 15 por po de sílice libre.

Estes datos revelan que segue existindo unha evidente infra declaración das enfermidades profesionais. O sistema non é adecuado e moitas persoas traballadoras quedan desprotexidas e sen recibir, ademais, a prestación que deberían. Doutra banda, as patoloxías que afectan á saúde mental e que teñen relación coa exposición a riscos psicosociais de orixe laboral apenas teñen reflexo na estatística, de feito, unicamente declaráronse 193 desordes mentais causados polo traballo e 10 agravados polo traballo. Isto confronta co gran número de baixas por problemas de saúde mental consideradas como continxencia común, o que confirma que se están tratando patoloxías no Sistema Público de Saúde que deberían ser tratadas polas Mutuas.

UGT reclama a actualización da listaxe de enfermidades profesionais e adaptala á nova realidade laboral



En primeiro lugar, desde a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT) propoñemos que se modifique o concepto de enfermidade profesional (Art. 157 TRLGSS) considerando unha enfermidade como profesional cando a causa prevalecte da mesma sexa o traballo, non sendo necesario que o traballo sexa a causa exclusiva, como así sucede actualmente. Moitas patoloxías que teñen unha orixe multicausal, como é o cancro de orixe laboral e as enfermidades cardiovasculares, non son consideradas como profesionais.

Tamén consideramos necesaria a actualización da listaxe española de enfermidades profesionais para adaptala ás novas realidades do mundo do traballo e emendar as deficiencias que presenta. Por exemplo, debe incluírse o cancro de pel por exposición a radiación solar, o cancro de pulmón por fumes do diésel ou as enfermidades reumáticas autoinmunes sistémicas por sílice cristalina, que seguen ausentes nesta listaxe.

En canto ao problema de infradeclaración do cancro de orixe laboral, ademais da actualización da devandita listaxe, propoñemos a creación dun rexistro nacional de empresas con riscos de exposición a axentes canceríxenos e un rexistro de traballadores e traballadoras expostos a axentes canceríxenos. Desta forma haberá unha rastrexabilidade daquelas persoas traballadoras expostas a canceríxenos ao longo da súa vida laboral.

Tamén debe levarse a cabo o compromiso alcanzado na Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo 2023-2027 e dotar devandita listaxe

de perspectiva de xénero, por exemplo, incluíndo patoloxías como o cancro de ovario por exposición ao amianto ou o cancro de mama por exposición a traballos nocturnos, axentes químicos ou radiacións ionizantes que afectan as mulleres.

Outra lagoa da listaxe de enfermidades profesionais é a ausencia de patoloxías relacionadas coa exposición a riscos psicosociais de orixe laboral. Pola contra, a OIT en 2010 xa incluíu os trastornos mentais ou do comportamento na súa listaxe. Aínda que é certo que no sistema PANO-TRATSS decláranse as desordes mentais, o seu número é realmente baixo e son tratadas como accidente de traballo en lugar de como enfermidade profesional.

Lembramos que esta elevada infra declaración supón un alto custo, non só para os traballadores e traballadoras que as sofren, os cales se ven privados tanto do recoñecemento social como en termos de prestacións, senón tamén para o sistema público de saúde, ao cal se derivan os custos que deberían ser asumidos polas Mutuas Colaboradoras coa Seguridade Social.

Ademais, desde UGT facemos un chamamento ao Ministerio de Sanidade para que inclúa aos interlocutores sociais no Observatorio de prevención do suicidio. Consideramos que desde a contorna laboral é posible prever a conduta suicida a través de distintas accións e protocolos, polo que sindicatos e empresas deben estar presentes de forma clara e relevante no Observatorio creado polo Ministerio.